

# Sartre posto en escena

**Tradución** Xosé Manuel Beiras traduce a primeira peza que foi representada do escritor e filósofo francés

Jean-Paul Sartre era un *fou* do teatro. Polos póstumos *Cadernos de guerra* sabemos que de neno montaba un teatro de marionetas no xardín do Louxemburg, que durante o servizo militar escribiu diversas pezas que se apresurou a “perder”, e que no *stalag* alemán durante o cativerio escribiu para os seus compañeiros unha peza policial. Mais só foi en 1943, en plena ocupación alemá de Francia, que foi levada por vez primeira a escena unha obra súa: *As moscas*, que acaba de ver lume en galego da man de Edicións Laiovento e coidadosamente traducida por Xosé Manuel Beiras.

Esta peza de Sartre, como todo o seu teatro, hai anos que non sobe aos escenarios mais é, talvez, máis lido que nunca. E non estaría de máis atreverse a unha nova montaxe (cun bo tratamento dramático) das súas obras. Por outra parte, non sería esaxerado afirmar que Sartre dominou a escena francesa durante preto dunha decena de anos. Decena que comeza en 1943 e que acaba cando é “superado” pola súa “deita” polo teatro chamado do “absurdo” (Ionesco, Chamet...) e pola “esquerda”, polo brechtismo, cando en 1954 por vez primeira o Berliner Ensemble estrea en París. Estes dez anos foron de intensa produción e

éxito, até *Nekrassov*, que só contou cunhas 90 representacións.

*As moscas*, como se dixo, foi montada en 1943 por Charles Dullin, no teatro Sarah Bernhardt –cuxo nome, en virtude das leis antixudeas, fora cambiado polo inocuo de Théâtre de la Cité– despois de pasar a censura alemá, o que lle valería reproches posteriores. A obra tivo un éxito máis ben clamoroso debido a un paradoxo (ou unha mala “lectura”) por parte dos espectadores, que viron nela unha alusión ao ocupante nazi –cuxos censores, intelixentes, non percibiron por lado ningún. A peza, como todas as súas, é, simplemente, un medio para representar as opcións filosóficas do seu autor, que nesta obra confía ao dono do Olimpo o coidado de expor a súa mensaxe: “Unha vez que a liberdade estoupou na alma dun home os Deuses xa non teñen ningún poder contra el. Porque é un asunto de homes, e corresponde a outros homes –a eles sós– deixalo ceibo ou esganalo”. Nin Existo, que manda na cidade, nin mesmo Xúpiter, o amo dos deuses, poderán impedir que Orestes acceda a esta liberdade que consiste en escoller o propio compromiso. E para deixar de ser un estraño na cidade, en Argos, para se converter nun “home entre os homes”, Orestes cargará cun pesado

**As moscas** ·  
Jean-Paul Sartre ·  
Laiovento, 2008 ·  
109 páx · 11 euros



fardelo. Contra Xúpiter e Existo, unidos por unha mesma paixón, Orestes afirma que “a vida humana comeza da outra banda do desespero”.

Estas frases e outras, e as escenas finais, levaron a un sector do público a considerar *As moscas* o que non era: unha alegoría sobre a ocupación nazi. En realidade, a peza ilustra, cunha linguaxe crúa, incisiva, rápida, sumamente eficaz (que Beiras consegue manter na súa transposición) e por medio da eterna historia das Atridas, os principais puntos da súa doutrina filosófica, da que mediante os resortes teatrais se popularizarán algunhas palabras (conceptos) clave: liberdade, compromiso, responsabilidade, denuncia dos *porcos* de toda clase, etc.

Mais a pesar da súa “querenza” polo teatro, antes que un dramaturgo Sartre é un moralista que coloca na escena os problemas que se refiren á condición humana. De aí que non intente revolucionar a forma nin a es-



Jean-Paul Sartre no aeroporto da Habana. // **Arquivo**

trutura teatral. Preocúpase en verter un viño novo (ás veces de dubidosa calidade, *Nekrassov*) en odres abondo vellos, e ás veces caducados.

Hai anos algúns intentan presentalo como o catálogo de todos os erros e de todos os horrores, e enfróntano á figura de Camus. É hora de repetir, con George Steiner (tan

deostado por estes lares), que “ben puidese ser que Camus gozase hoxe de maior recoñecemento. Mais é Sartre (...) quen quedará como testemuña clave [da nosa época]”. E se, parafraseando ao xeneral de Gaulle, “*on n'enchaîne à Voltaire*”, menos aínda se pode cuspir sobre el (lenda urbana galega). // **XGG**